

OBRADOIRO DE CREACIÓN LITERARIA
DE LIBRO
para desenvolver
no CEIP ELADIA MARIÑO. CABANAS. PONTEDEUME.
5ºe 6º de Primaria. 20 participantes.
(Do 26 ao 30 maio de 2008)

- **OBXECTIVO PRINCIPAL:**

- Fomentar a escrita creativa e persoal en cada participante, a través da realización do seu propio LIBRO DE AUTOR.

- **OBXECTIVOS SECUNDARIOS:**

- Descubrir a capacidade de creación literaria e artística, facendo especial fincapé nos propios procesos creativos.
- Provocar nos participantes unha serie de preguntas básicas sobre os procesos de produción literaria.
- Fomentar o gusto pola lectura e pola escrita, por transmitir as propias ideas, experiencias e sentimentos explotando as posibilidades da lingua.
- Presentar propostas de traballo destinadas a desenvolver e exercitar distintos aspectos do texto coma a puntuación, o estilo, o xénero, as figuras, os diferentes formatos...
- Promover a creación conxunta de textos, sen temor á crítica dos participantes, con respecto polas creacións propias e alleas.
- Dar a coñecer as diferentes manifestacións artísticas das últimas décadas procurando facer fincapé nuns ou noutros autores en función das necesidades detectadas no grupo.
- Fomentar a cohesión do grupo.
- Reforzar a expresión oral e pública, afondando no coñecemento e dominio do noso idioma.
- Utilizar a lingua dun xeito non sexista.
- Proporcionar estratexias para a escrita e fornecelos de recursos para que poidan dar a coñecer as súas creacións en formato electrónico.

- **PROGRAMA DE TRABAJO**

O obradoiro desenvolverase en *cinco sesións* de *dúas horas* de duración segundo o seguinte plan de traballo:

- 1) Presentación dun compañeiro por medio da resposta a un cuestionario sinxelo sobre eles mesmos, gustos e afeccións, a literatura e a arte galegas e sobre as expectativas do obradoiro en si.
- 2) Explicación dos motivos da escolla, feita por cada participante, dun obxecto persoal e dun texto literario, importante e valioso que se debe traer ao obradoiro. Escribir sobre o obxecto, texto ou explicación que máis lles gustou xustificando a súa elección. Realización dunha lectura activa e participativa dun texto.
- 3) Visualización obras de arte e libros de autor mentres escoitan música clásica, brasileira e galega. Escribir con liberdade, ensaiando a *escritura automática*, sobre os sentimentos, lembranzas que lles transmite esta experiencia sensitiva.
- 4) Desenvolvemento nun relato curto ou poema unha das ideas esbozadas nas sesións anteriores (obxectos persoais, música, obras de arte...)
- 5) Elaboración do seu propio LIBRO DE AUTOR coa transcripción do relato con materiais de refugallo, cartolinas e papeis de cores. Presentación do libro e lectura do texto a cada compañeiro do obradoiro.